

1º Proba en formato Temp-O

Parque Eólico Experimental de Sotavento

Concello de Xermade. Lugo

10 DE XULLO DE 2021

DATA: 10 DE XULLO DE 2021

INFORMACIÓN XERAL

WEB: www.fegado.es

Enderezo-e: gandaranaron@gmail.com

COMITÉ ORGANIZADOR

- Directora da proba e da competición: Natalia T. Pedre.
- Trazadora: Natalia T. Pedre.
- Xuíz controlador: Alfonso Mancera.
- Técnico de cronometraxe: Javier Arufe.
- Xuíces auxiliares: Jose Antonio Castrillón, Hector Hervada, Alberto Arufe, María José Naya, Iván Vizcaíno, Natalia T. Pedre.

MAPA:

Denominación: Sotavento

Escala mapa de competición: 1:4000

Escala mapa de solucións: 1:4000

Equidistancia: 2 metros

Traballo de campo: Iván Mera García

Rexistro FEDO: LU-2662-20

TIPO DE PROBA E CATEGORÍAS:

Modalidade TEMP-O

Esta proba consta de 6 estacións e en cada estación os participantes terán que resolver 5 desafíos. Para iso contarán con 150 segundos como máximo. O competidor recibirá varios mapas que mostran a área que teñen diante e deberán seleccionar a opción correcta no menor tempo posible, penalizándose as respostas incorrectas. Presenta un desafío intelectual considerable, onde o os competidores teñen que tomar decisións sobre problemas técnicos no menor tempo posible.

En cada estación o participante, sentado nunha cadeira e cunha mesa diante, terá que manexar cinco mapas (un por desafío). Ditos mapas xa aparecen orientados, de maneira que non hai que xiralos. Poderase optar por mapas separados ou xuntos, en formato de libro.

Para dar a resposta de cada desafío pódese facer de forma oral ou indicando a letra co dedo. En canto o cronómetro se poña en marcha só poderá falarse para dar a resposta: Alfa, Bravo, Charlie, Delta, Echo ou Zero.

Hai respostas “Zero”, é dicir, que pode darse o caso que ningunha das balizas que están colocadas no terreo coincidan co lugar indicado no mapa.

O límite de tempo para cada estación é de 150 segundos. Tómase o tempo empregado nos diferentes desafíos, engadindo 30 segundos por cada resposta incorrecta. Deste xeito, o competidor con menos tempo será o gañador.

O terreo no que terá lugar a proba caracterízase por ser urbano salvo unha zona de vexetación semiaberta.

A proba ten unha distancia inferior a un quilómetro entre a saída e a última estación, cun desnivel insignificante. É unha modalidade que require de concentración extrema polo que se prega silencio durante a mesma e xogo limpo.

Categoría: Haberá unha única categoría

- **OPEN-ÉLITE**

Sen límite de idade. Calquera sexo. Só federados FEDO ou FPO.

Aínda que non hai categoría Paralímpica nesta proba, xa que todos os participantes compiten en igualdade de condicións, de cara ao ranking galego é necesario informar quen estaría dentro desta categoría.

SECRETARÍA:

Non haberá un posto de secretaría xa que nun principio non será necesaria e así evitaremos situacións de risco ante a situación COVID.

PROGRAMA:

10:00 model event que consta dunha estación con 5 desafíos. O punto de decisión estará localizado na esquina surleste do parking da zona 1.

10:30 Primeira saída.

Intervalos de saídas cada 4 minutos.

Publicación resultados: as respostas de cada participante, os mapas de solucións e as clasificacións publicaranse en canto remate o último participante. Durante o transcurso da proba iranse publicando os tempos totais dos participantes en tempo real en internet.

AVISOS IMPORTANTES:

- Haberá horas de saídas. Os intervalos serán de 4 minutos.
- Será necesario levar os dorsais da liga Galega de orientación 2021.
- **Para realizar os desprazamentos entre as distintas estacións entregaranse na zona de saída mapas onde aparecen indicadas as 6 estacións e as zonas de espera para cada unha.**
- O percorrido transcorre por zona asfaltada ou terreo firme sen ningunha dificultade e cun desnivel insignificante.

RECOMENDACIÓNS PARA CADA COMPETIDOR:

Sobre todo para os participantes non experimentados nesta modalidade sería recomendable facer o model event e ter en conta a información sobre o funcionamento da mesma que se facilita na páxina do evento.

É aconsellable levar gorra con viseira ou sombreiro con ala (para protección do sol e mellor visualización dos controis).

Prégase ser respectuosos cos demais competidores ou persoas alleas e animais que poidan haber na zona de competición.

Igualmente lémbrese a obriga de mostrar o maior coidado e respecto posibles co medio ambiente.

É unha zona venteada de maneira que é recomendable levar roupa de abrigo.

MATERIAL OBRIGATORIO:

- Máscara
- Xel hidro-alcohólico
- Dorsal

ENTREGA DE TROFEOS:

Haberá entrega de trofeos para os tres primeiros postos na categoría única de OPEN-ÉLITE. Realizarase de forma individual e sen cerimonia de entrega de trofeos.

INSCRICIÓN:

Ata o domingo 4 de xullo, ás 23:50h, no sistema de inscricións da FEGADO:
intranet.fegado.es

¡ATENCIÓN! **Non se necesita** Tarxeta Sportident.

O ingreso da cota de inscrición realizarase na conta **Nº: ES98 2080 0059 4430 4002 4708** (ABANCA), indicando no concepto: TRAIL-O LICEO + nome do club. O prezo da inscrición é de 7 euros.

Enviarase un correo co xustificante de pago á dirección: gandaranaron@gmail.com .
¡OLLO, a inscrición formalízase a través da intranet, o correo por si mesmo non implica estar inscrito!

SISTEMA DE XESTIÓN:

O sistema de xestión será a través do software ANT. <http://www.trailo.cz/en/software>
Trátase dunha aplicación para móbiles desenvolvida na República Checa que permite realizar a cronometraxe e anotacións de respostas, tipicamente en controis cronometrados. Cada xuíz auxiliar terá un dispositivo móbil co antedito programa, co cal anotará as respostas e cronometrará o tempo invertido polo participante.

Ao rematar a última estación haberá que pasar pola meta para rexistrar a finalización do percorrido do participante e proceder á subida dos tempos totais a internet.

Os participantes non terán que levar tarxeta Sportident.


COMO CHEGAR:

Sotavento atópase emprazado na Serra da Loba, a 10 Km. ó sur das Pontes de García Rodríguez, entre os termos municipais de Xermade (LUGO) e Monfero (A CORUÑA), e a unha altitude entre 600 – 700 m. A duración da viaxe, aproximadamente, é dunha hora dende A Coruña, e hora e cuarto dende Santiago de Compostela.

- Coordenadas para o navegador.


N: 43,354377

W: 7,881213



ZONA DE APARCADOIRO:

Utilizaremos a estrada secundaria indicada na fotografía.



PROTOCOLO COVID:

En todo momento os competidores cumprirán o protocolo FISICOVID publicado na web da FEGADO. A lectura e aceptación de dito protocolo é obrigatorio para participar no evento.

- A distancia entre participantes está totalmente salvada polo intervalo de 4 minutos nas saídas.
- En caso de facerse colas de espera entre estacións os participantes manteranse na zona de espera respectando as marcas que sinalan a distancia de seguridade.
- O material común serán os mapas para cada estación que estarán plastificados e despois de cada uso procederase á súa desinfección. A cadeira e a mesa de cada estación serán tamén desinfectadas tras cada uso.
- Nas zonas do aparcadoiro non se poderá socializar cos demais participantes.
- Unha vez que cada competidor remate a proba terá que dirixirse ao seu vehículo e abandonar a zona de competición.
- Na zona de saída o deportista procederá á desinfección das mans co xel hidro-alcohólico.
- A máscara levarase posta durante toda a proba.

DATOS DE INTERESE:

O evento terá lugar no Parque Eólico Experimental de Sotavento onde a Fundación Sotavento Galicia desenvolve unha serie de actividades:

- Actividades de Divulgación e Educación Enerxética centradas nas enerxías renovables, o aforro, a eficiencia enerxética e a interrelación coa problemática ambiental.
- Proxectos de I+D+i e outras actuacións de investigación-experimentación relacionadas coa enerxía eólica e con outras enerxías renovables.
- Actividades de Formación no ámbito das enerxías renovables e a eficiencia enerxética co fin de lograr unha mellora na súa implantación e innovación.

Para máis información: <http://www.sotaventogalicia.com/>

Para visitar:

Os seguintes lugares atópanse a pouco máis de media hora da zona de competición.

- Mirador da Carbueira no concello de Monfero dende onde se pode ver o canón do Eume.



- Actividades en Kayak nas Fragas do Eume.



- Mosteiro de Santa María de Monfero.



- Lago das Pontes. Situado no concello das Pontes de García Rodríguez.



ORGANIZAN:



ENTIDADES COLABORADORAS:



CONCELLO DE
XERMADE